

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN  
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 19/01/2024**

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
SUPLENTE	D. Jorge Cubela López
VOGAIS:	D <sup>a</sup> . Marta Fernández-Tapias Núñez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. José Carlos López Campos
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D <sup>a</sup> . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D <sup>a</sup> . María Nava Castro Domínguez
	D <sup>a</sup> . Digna Rosa Rivas Gómez, en substitución de D. Carlos López Font
	D. Javier Iglesias Mougán, en substitución de D. Carlos Gómez Prado
	D <sup>a</sup> . Ana Laura Iglesias González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D <sup>a</sup> . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D <sup>a</sup> . Beatriz Lomba Rodríguez
	D <sup>a</sup> . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día dezanove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o técnico de administración xeral do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2023075602)**

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e dous de decembro do ano dous mil vinte e tres co voto favorable de todos os membros da Comisión.

## **2.- DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DO PROXECTO “PREVENCIÓN E MITIGACIÓN DA CONTAMINACIÓN POR MICROTOXINAS DE ALIMENTOS E PENSOS CAUSADA POLO CAMBIO CLIMÁTICO – AGRITOX (EXPTE.: 2020049717)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente da:

### **FINALIZACIÓN DO PROXECTO “PREVENCIÓN E MITIGACIÓN DA CONTAMINACIÓN POR MICROTOXINAS DE ALIMENTOS E PENSOS CAUSADA POLO CAMBIO CLIMÁTICO” AGRITOX EAPA\_988/2018**

Dende o 01/04/2019 ate o 31/03/2023 Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra participou no Proxecto “Prevención e mitigación da contaminación por micotoxinas de alimentos e pensos causada polo cambio climático” AGRITOX EAPA\_988/2018, integrado polos seguintes socios:

- España: Universidade de Santiago de Compostela, Laboratorio CIFGA S.A., Deputación de Pontevedra-Estación Fitopatolóxica Areeiro.
- Portugal: Facultade de Ciencias Universidade de Porto, Cooperativa Agrícola Vila do Conde.
- Irlanda: TEAGASC-Agriculture and Food Development Authority.
- Reino Unido: Queen's University Belfast.
- Francia: Agence Nationale de Sécurité Sanitaire de l'alimentation, de l'environnement et du travail.

Inicialmente o proxecto tiña como data de finalización o 31/12/2021 pero, como consecuencia da COVID-19, ampliouse en sucesivas prórrogas ate o 31/03/2023.



O período de xustificación final do proxecto estendeuse ate o 30/06/2023. Posteriormente a xustificación final pasou pola verificación do auditor externo e a validación da Autoridade Nacional (Ministerio de Economía).

A día de hoxe está pendente de ingreso por parte da Unión Europea a cantidade de 45.474,63 € correspondentes a última xustificación de gastos.

Unha vez feito o último ingreso temos a obriga de conservar toda a documentación xustificativa dos gastos do proxecto por un período de 5 anos.

A financiación do proxecto, polo que atinxe á EFAreiro foi a reflectida na seguinte táboa:

Periodo	Gastos totales €	Financiado por FEDER (75% de gastos) €	Financiado por Deputación Pontevedra (25% de gastos) €
De 01/04/2019 a 31/01/2020	61.817,69	46.363,27	15.454,42
De 01/02/2020 a 31/12/2020	64.611,72	48.458,79	16.152,93
De 01/01/2021 a 31/12/2021	40.230,06	30.172,57	10.057,49
De 01/01/2022 a 31/03/2023	60.632,83	45.474,63	15.158,20

Asinado e datado dixitalmente

A XEFA DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DO AREEIRO

M<sup>a</sup> del Carmen Salinero Corral”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada da finalización do proxecto referido “ut supra”.

### **3.- DAR CONTA DO COMEZO DO PROGRAMA “VOANDO NAS RÍAS BAIXAS 2024” (expte.: 2024002283)**

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime



Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción comunitaria, Impulso Rural e Medio ambiente, do inicio do seguinte programa:

#### **“COMEZO DO PROGRAMA VOANDO NAS RÍAS BAIXAS 2024**

O pasado 14 de xaneiro deu comezo unha nova edición do programa Voando nas Rías Baixas composto por sete itinerarios, que se levarán a cabo ao longo de todo o ano 2024, para observar e coñecer as distintas especies de aves que percorren zonas de alto valor ecolóxico e que, na súa maioría, contan con figuras de protección tan importantes coma a Rede Natura 2000:

- Foz da Ramallosa e praia América (Nigrán): 14.01.24
- Esteiro do río Lérez e Intermareal Combarro Lourido (Pontevedra - Poio): 11.02.24
- Ribeiras do río Umia (Ribadumia e Cambados): 07.04.24
- Serra do Suído (A Lama, Fornelos de Montes e Covelo): 26.05.24
- Praia da Lanzada (Sanxenxo – O Grove): 23.06.24
- Campos e Lagoas de Rouxique (Sanxenxo): 29.09.24
- Esteiro do río Miño (A Guarda): 17.11.24
- 

Con respecto aos anos anteriores, incorporouse como novidade a ruta polos campos e lagoas de Rouxique en Sanxenxo, espazo protexido pola Rede Natura 2000, no que conviven os campos de labor coas antigas lagoas de extracción de barro.

Nesta sétima edición poderán participar un total de 175 persoas.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica  
A XEFA DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE  
M<sup>a</sup> Concepción López Paz”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do inicio do proxecto referido “ut supra”.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo



E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
O secretario da Comisión,  
*(documento asinado electronicamente)*  
Marcos Areán González

